



ACTA Nº 2022/5

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 29 de abril de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE. APLICACIÓN ZOOM.
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBÉN VILLAR AGULLEIRO EMILIA TRILLO LOJO JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO RAMÓN VIGO SAMBADE PILAR IGLESIAS LEMA CARMEN DÍAZ FREIRE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA AGUEDA DÍAZ MEJUTO MARÍA VICTORIA AREAS POSE SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO CESAR PÉREZ MARTÍNEZ JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 25 de marzo de 2022.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unha abstención de D. Antonio Domínguez García e 12 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



SERVIZOS PÚBLICOS

2. Proposta da alcaldía relativa o escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada co documentación con NRE 202299900000173 (Estimación: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 3 (Cláusula 16 PCAP) e desestimación compensación extraordinaria). EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 25 de abril de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa o escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada co documentación con NRE 202299900000173 (Estimación: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 3 (Cláusula 16 PCAP) e desestimación compensación extraordinaria). EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada con documentación con NRE 202299900000173 (Estimación: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 3 (Cláusula 16 PCAP) e desestimación compensación extraordinaria) .

EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007

Considerando o escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada con documentación con NRE 202299900000173 no cal SOLICITA:

“En relación ao expediente 2017/C0004/000004 no apartado 16 conta anual de liquidación da xestión interesada. Presentamos o plan xeral contable, onde reflexamos os gastos e ingresos da piscina municipal de Cee desde o 10/10/2020 ata o 09/10/2021 con todas as contas e anexos. Por mor da crise sanitaria do Covid-19 este segundo ano de explotación da piscina a conta de liquidación negativa é superior os 80.000 €, cantidade máxima por contrato que aportará o Concello de Cee, a cantidade neste 3º ano ascende a 144.010,76 €.

(...)

En consecuencia, tendo en conta os antecedentes e as motivacións de orde xurídico incorporadas neste escrito, a ese Concello, SOLICITO: Que, con obxecto de restablecer o equilibrio económico contractual, se recoñeza o dereito de VIRAXES SL a percibir unha compensación de CENTO CORENTA E CATRO MIL DEZ EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (144.010,76 €) en concepto da liquidación económica do terceiro ano de explotación do Contrato de prestación do servizo público de piscina cuberta municipal e outras actividades deportivas do Concello de Cee. A devandita cantidade resulta da suma da cantidade de OITENTA MIL EUROS (80.000.- €) establecida no apartado terceiro da cláusula 16ª das cláusulas administrativas particulares do contrato e a cantidade de SESENTA E CATRO MIL DEZ EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (64.010,76



€) en concepto de compensación extraordinaria que ven a ser a diferencia entre o importe da liquidación negativa e a citade cantidade de 80.000 €.”

CONSIDERANDO O INFORME DE FISCALIZACIÓN EMITIDO POLA SRA. INTERVENTORA, EN DATA 1 DE ABRIL DE 2022, QUE CONCLÚE:

“(…)FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE (Extremos a comprobar).

Con carácter xeral:

- Existencia e adecuación de crédito.
- Gasto plurianual. Cumprimento dos requisitos do RDL 2/2004.
- Competencia do órgano de contratación.
- Executividade dos recursos que financian a proposta.

Fase O:

- Copia do contrato principal ou modificado (se procede expte. contratación).
- Carta de pagamento da garantía definitiva (se procede expte. Contratación)
 - Carta de pagamento expedida pola Tesourería acreditativa do ingreso dos gastos do expediente (se procede).

Documento contable fase D.

Factura axustada ás esixencias regulamentarias.

Cumprimento do prazo entrega en tempo e forma.

Acta de recepción dos materiais.

Se a factura contempla revisión de prezos, comprobación do cumprimento dos requisitos do artigo 103 do R.D.L. 2/2000.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Devolución do expediente ó departamento de orixe.
- Fiscalizado de conformidade.
- Fiscalizado de conformidade condicionada.
- Fiscalizado de conformidade xeral con salvedades
- Fiscalizado de desconformidade

CONCLUSIÓNS.

Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.

Procede a tramitación do expediente e aprobación do gasto coas observacións realizadas.

Sen efectos suspensivos(por non concorrer os requisitos esixido no artigo 216), aínda que coa recomendación de subsana – los reparos antes de somete-lo expediente a aprobación, se puideran ser subsanables; respecto ós non subsanables a recomendación é que non sexan reiterados en expedientes futuros.

Suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo e procede a tramitación do expediente en relación cas demais facturas.

Se o órgano ó que afectan os reparos ou observacións non estivera de acordo cos mesmos corresponderá **ó Pleno da Corporación a resolución da discrepancia prantexada** (artigo 217.1 do RDL 2/2004).

ANEXO: OBSERVACIONES

En primeiro lugar sinalar que o presente informe trata de recompilar datos e seguir as pautas adoptadas no primeiro e segundo ano de liquidación da xestión da piscina sen prexuízo dos cambios de criterio ou de decisión que adopte o órgano de control e decisión.

Temos que partir de que estamos ante unha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada



como xa se puxo de manifesto no momento da elección da mesma e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa no seo da instalación pode garantir a certeza dos datos que se toman en consideración para esta toma de decisión, no seu defecto soamente se pode operar con presuncións de veracidade da documentación presentada e nos informes a posteriori dos distintos servizos municipais.

A Intervención Municipal non é órgano competente para o exame e comprobación de contabilidade empresarial polo que me limito a facer apreciacións do observado no expediente, solicitando en temas que exceden do meu ámbito de actuación á asistencia da Deputación da Coruña sen prexuízo de que o órgano competente para decidir solicite auditoría privada ou análise económico da contabilidade da empresa. Consideracións:

1. En relación ós **ingresos** o PCAP recolle a necesidade de someter á aprobación do concello os modelos xustificativos de pagamento e os acreditativos do pagamento das tarifas. Como xa se sinalou anteriormente a certeza dos ingresos neste tipo de xestión é imposible salvo recadador municipal polo que soamente podemos dar por certos as declaracións e comunicacións do empresario que sinala como tales:

- Entradas
 - Venda de material
 - Matrículas, abonos e cursos.
- Nesta apartado sinalar como anomalías:
- Non se están a ingresar apartados como o de publicidade estática.
 - Non se perciben ingresos das máquinas expendedoras por acordos de mínimos coa empresa subministradora.

Ascenden segundo se detalla na memoria explicativa a **171.576,49€**. Posto que a liquidación se fai ata o 9 de outubro do 2021 o adxudicatario opta por prorratear os ingresos (remesa, abonos etc) entre os días de prestación do servizo o que se somete a consideración.

Consta informe de tesourería sobre a regularidade dos mesmos.

2. En relación a los gastos:
 - a) Sinalar en relación ós gastos que é difícil acreditación en todos os gastos a determinación de que os mesmos sexan realizados na piscina de Cee dado que si non se trata dun subministro directo (luz, auga...) é a declaración do interesado o único elemento de xuízo que temos para a súa acreditación (aprovisionamentos...) Nalgúns casos (luz, auga...) é de fácil comprobación a dirección do subministro pero noutros casos é imposible dilucidar si a prestación ten como destinatario final a piscina de Cee o que supón una presunción de veracidade dos datos que aporta o adxudicatario sen posibilidade algunha de constatar a información. Asemade se realizan imputacións proporcionais en determinados gastos (xestoría etc) posto que existen varios centros de traballo descoñecendo esta Intervención a veracidade da mesma.
 - b) O resume dos gastos son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO
APROVISIONAMIENTO	1.379,65	1.379,65
PERSOAL	232.718,25	231.979,26
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	61.868,25€	61.270,39
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	17.027,16	17.027,16
GASTOS FINANCIEROS	2.593,73€	1.582,42



TOTAL	315.587,04€	313.238,88€
--------------	--------------------	--------------------

- GASTOS DE APROVISIONAMENTO:
 - a) O listado contable dos gastos de material deportivo da piscina sinala un importe total de 1.061,39€ .
 - b) traballos por 318.26€
Todos están debidamente xustificados.
- GASTOS DE PERSOAL remítome ó informe de persoal. Neste punto salienta que o xerente inclúe na súa nómina a cota de autónomo como retribución en especie que non se contemplaba no prego e que foi sometido á consideración no pleno da primeira xustificación. O informe de persoal no o sinala como anomalía.
- OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN.
 - a) Reparación e conservación: o listado contable sinala un importe de 7.802,93€.
 - b) Servizos de profesionais independentes contablemente se sinala un gasto de 3.415,06€ . Neste punto o asesoramento externo que realiza o adxudicatario por importe de 200€ non se considera gasto da explotación que teña que ser tido en conta para a liquidación. Se atendería a un gasto de 3.215,06€.
 - c) Transportes: 32,94€
 - d) Primas de seguros sinala un importe de 3.039,32€ dos que se descuentan os seguros de autónomos (337.86) por ser un seguro que non é directamente aplicable á xestión do servizo.
 - e) Servizos bancarios sinalan un importe de 1.244,78€
 - f) Os gastos de publicidade da piscina supoñen un gasto de 700€
 - g) Os gastos de gasóleo ascenden a 32.345,88€
 - h) Os gastos de auga ascenden a 3.039,32€
 - i) Teléfono ascenden a 404,57€
 - j) Os gastos de oficina ascenden a 2.445,08€
 - k) Outros gastos da piscina ascenden a 7.330,92€ .De este importe hai que descontar segundo criterio desta Intervención 60€(30+30) relativos a habitacións polo que resulta un gasto de 7.270,92€

- AMORTIZACIÓN

En relación á amortización realizada polo adxudicatario sinala que a realizada non se axusta á táboa sinalada polo Ministerio de Facenda para a fixación dos criterios de amortización en función da vida útil do ben. Consultada á Deputación da Coruña ante o carácter privado deste tipo de gasto pon de manifesto as diferencias entre o amortizado na xustificación do gasto e o amortizado segundo o criterio de facenda. No exercicio anterior o Pleno da Corporación admitiu o criterio de amortización do adxudicatario en base ós anos de prestación do servizo polo que se continúa nesta liña.

- GASTOS FINANCIEROS

O adxudicatario presenta como gastos financeiros relativos a préstamos e liñas de crédito se entenden incluídas no gasto habitual de xestión da actividade. Nos exercicios anteriores os gastos de aval requirido polo Concello no expediente de contratación enténdese non indemnizable polo seu carácter de gasto previo ó exercicio da actividade e que non debería ser tido en conta como gasto de xestión senón necesario para a licitación como poderían ser os gastos de xestión no procedemento de licitación, gastos de publicidade, compulsas, notariais etc polo que o importe deste apartado non se tivo en conta. O adxudicatario presenta no presente exercicio os gastos de mantemento do mesmo. Esta Intervención entende que se trata de gastos previos á contratación e o mantemento do mesmo con carácter anual non deixa de ser unha esixencia da entidade co que contrata o adxudicatario e non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



imputable ó servizo senón á contratación. Existen intereses non acreditados documentalmente.
O total ascendería sen o aval 1.582,42€

Tralo exame do prego de condicións que serviu como base da licitación se pon de manifesto unha serie de defectos/fallas ou anomalías que deben ser obxecto de valoración polo órgano competente para decidir ós efectos de determinación tralos informes oportunos dos procedementos para sancionar/subsanar ou paliar ós mesmos. A saber:

- O adxudicatario segundo o prego debe solicitar autorización do concello para:
 - Autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión. Considerar se as novas adquisicións deben ou non ser obxecto de autorización previa. Ver parágrafos posteriores.

Existen algúns aspectos de difícil consideración posto que o prego non detalla a fórmula de actuación e que deben someterse a consideración:

1. En relación á inversión realizada. O adxudicatario segue a adquirir bens de inversións entendo que baixo o seu punto de vista el considera adecuados ou necesarios para a boa execución da prestación. O órgano competente para decidir debería determinar o alcance, medio de control ou autonomía do adxudicatario posto que este elemento forma parte dos gastos que asume o concello e repercute no gasto que o mesmo vai realizar.

Polo exposto anteriormente a criterio desta Intervención se considera xustificado sen prexuízo das consideracións realizadas nos parágrafos anteriores:

Ingresos por importe de 171.576,49€.

Gastos por importe de 313.238,88€

O que daría un resultado de -141.662,39€

Polo exposto o límite máximo a satisfacer en compensación pola perda obtida non pode exceder de **80.000€**

O presente informe pretende sentar as bases previas a toma de decisións que sexa máis acorde coa legalidade e coas regras que rexeron a contratación. Partindo da premisa que esta Intervención considera que no presente expediente existe un alto grado de incerteza e de presunción de veracidade que imposibilitan unha fiscalización correcta e que a fórmula de xestión elixida sen os métodos de seguimento oportunos non garante con total fiabilidade o destino dos fondos públicos a necesidade de dar cumprimento ás obrigas contraídas co adxudicatario do servizo así como o principio de non enriquecemento inxusto da administración que recibiu o servizo dan lugar a necesidade de valorar cos datos, instrumentos e medios o noso alcance a contraprestación a satisfacer ó adxudicatario. Polo exposto e sen prexuízo das consideracións realizadas con motivo da contratación da xestión do servizo e no presente informe debo salienta:

- A necesidade dun maior control dos ingresos e gastos do servizo mediante comprobacións periódicas dos distintas premisas que conforman os ingresos e gastos.
- A necesidade de subministro de información puntual polo adxudicatario.
- A necesidade de regular as actividades/ ingresos para a correlación debida dos mesmos segundo acordo plenario.
- A adopción das medidas que se estimen necesarias derivadas dos incumprimentos que se poidan derivar do expediente.

Este é o meu informe que someto ó órgano competente para decidir para que determine e actúe conforme a dereito."

Vistos os requirimentos formulados a VIRAXES SL e a documentación presentada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o informe conxunto emitido pola Secretaría Municipal e Interventora Municipal, en data 5 de abril de 2022, do seguinte literal:

“INFORME CONXUNTO SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO NO 3º ANO NA CONTRATACIÓN (XESTIÓN INTERESADA) SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS: COMPENSACIÓN EXTRAORDINARIA.

EXPEDIENTE: 2017/C004/000004

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA

1. Escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada con documentación con NRE 202299900000173 no cal SOLICITA:

“En relación ao expediente 2017/c0004/000004 no apartado 16 conta anual de liquidación da xestión interesada. Presentamos o plan xeral contable, onde reflexamos os gastos e ingresos da piscina municipal de Cee desde o 10/10/2020 ata o 09/10/2021 con todas as contas e anexos. Por mor da crise sanitaria do Covid-19 este segundo ano de explotación da piscina a conta de liquidación negativa é superior os 80.000 €, cantidade máxima por contrato que aportará o Concello de Cee, a cantidade neste 3º ano ascende a 144.010,76 €.

(...)

En consecuencia, tendo en conta os antecedentes e as motivacións de orde xurídico incorporadas neste escrito, a ese Concello, SOLICITO: Que, con obxecto de restablecer o equilibrio económico contractual, se recoñeza o dereito de VIRAXES SL a percibir unha compensación de CENTO CORENTA E CATRO MIL DEZ EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (144.010,76 €) en concepto da liquidación económica do terceiro ano de explotación do Contrato de prestación do servizo público de piscina cuberta municipal e outras actividades deportivas do Concello de Cee. A devandita cantidade resulta da suma da cantidade de OITENTA MIL EUROS (80.000.- €) establecida no apartado terceiro da cláusula 16ª das cláusulas administrativas particulares do contrato e a cantidade de SESENTA E CATRO MIL DEZ EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (64.010,76 €) en concepto de compensación extraordinaria que ven a ser a diferenza entre o importe da liquidación negativa e a citade cantidade de 80.000 €.”

2. Informes do responsable do servizo
3. Informe de RRHH
4. Informe de intervención

LEXISLACIÓN

- Texto Refundido da lei de Contratos do sector público 3/2017.
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19, (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE núm. 73 do 18 de marzo), a súa primeira prórroga, aprobada polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo,(BOE núm. 86 do 28 de marzo de 2020), a súa segunda prórroga aprobada polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, (BOE núm. 101 do 11 de abril) e a súa terceira prórroga aprobada polo Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, (BOE núm. 115 do 25 de abril).

CUESTIÓN PRELIMINAR

Como cuestión preliminar sinalar que a relación que vincula o Concello de Cee con VIRAXES SL, procede dun contrato de xestión interesada do servizo de piscina municipal e outras actividades

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



deportivas do concello de Cee, asinado o 10 de outubro do 2018, cunha duración de 6 anos sendo susceptible de prórroga por tres anos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19, (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE núm. 73 do 18 de marzo), a súa primeira prórroga, aprobada polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo,(BOE núm. 86 do 28 de marzo de 2020), a súa segunda prórroga aprobada polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, (BOE núm. 101 do 11 de abril) e a súa terceira prórroga aprobada polo Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, (BOE núm. 115 do 25 de abril).

Visto o disposto no *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE núm. 73 do 18 de marzo)*, modificado polo *Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19*, máis en concreto no seu artigo 34, baixo o epígrafe *Medidas en materia de contratación pública para paliar las consecuencias del COVID-19*.

Consta no expediente suspensión acordada no seu día do contrato administrativo asinado entre o Concello de Cee e VIRAXES SL como consecuencia das medidas preventivas fronte o Coronavirus.

Vistos que o artigo 34 do RDL 8/2020 do 17 de marzo de medias urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social reza :

“.....Cuando con arreglo a lo dispuesto en el párrafo anterior, la ejecución de un contrato público quedará totalmente en suspenso, la entidad adjudicadora deberá abonar al contratista los daños y perjuicios efectivamente sufridos por éste durante el periodo de suspensión, previa solicitud y acreditación fehaciente de su realidad, efectividad y cuantía por el contratista. Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º *Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.*

2.º *Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.*

3.º *Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.*

4.º *Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.*

....”

Á vista do estados de gastos e ingresos tidos en conta na liquidación da terceira anualidade do contrato, a saber:

a) O resume dos gastos son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO
----------	--------------------	---------------------



APROVISIONAMENTO	1.379,65	1.379,65
PERSOAL	232.718,25	231.979,26
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	61.868,25€	61.270,39
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	17.027,16	17.027,16
GASTOS FINANCEIROS	2.593,73€	1.582,42
TOTAL	315.587,04€	313.238,88€

Vistos que dada a natureza do contrato os gastos indemnizables segundo o artigo citado foron tidos en conta para a determinación da compensación a favor do contratista que xa foi obxecto de recoñecemento non podendo ser tidos en conta neste momento coa mesma finalidade e ante imposibilidade de determinar o alcance do efectos do COVID19 e as súas manifestacións (suspensión da actividade, minoración de ingresos, usuarios etc) nas perdas do concesionario as informantes consideran:

- Que non procede compensación económica a favor de VIRAXES SL nos termos solicitados polo interesado.
- Que non procede o re-equilibrio económico tal e como se prevé na solicitude de VIRAXES SL sendo a natureza alegada circunstancial e temporal e que non debe afectar a toda a duración do contrato.

Á vista de todo o exposto, estas informantes **CONCLUÉN**:

Primeiro.- Desestimar a solicitude do interesado no relativo a compensación extraordinaria pola contía de 64.010,76 euros de re-equilibrio económico no 3º ano do contrato.

Segundo. Informar que non procede a indemnización polos gastos aludidos xa que foron tidos en conta na liquidación do terceiro ano de execución do presente contrato, de conformidade co informe de fiscalización que obra no expediente, sen prexuízo de deixar indicado que xa foi obxecto de compensación, no seu día, mediante a ampliación do prazo da xestión interesada, pola causa que alega e permitía a lexislación de aplicación.

Asinan dixitalmente:

A Secretaria Municipal, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

A Interventora Municipal, ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE]

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o escrito presentado o 2 de febreiro de 2022, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202299900000172 e complementada con documentación con NRE 202299900000173, **no seguinte sentido**:

- a) **Acordar a Compensación/contra-prestación gastos de piscina**- Liquidación Ano 3 (Cláusula 16 PCAP) pola contía de **80.000 €**, de conformidade co informe de fiscalización transcrito no expositivo do presente acordo emitido o 1 de abril de 2022.
- b) **Desestimar a compensación extraordinaria -reequilibrio económico-**solicitada pola contía de **64.010,76 €**, en base ao informe conxunto emitido por Secretaría e Intervención en data 5 de abril de 2022.

SEGUNDO.- De conformidade coa Cláusula 25 do PCAP, segundo a cal o Concello reservase a facultade de ditar disposicións encamiñadas a maior efectividade, **procédese a reiterar** as seguintes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



DISPOSICIÓN OBRIGATORIAS para o adxudicatario:

- A) Deberá solicitar previa autorización ao Concello, cando pretenda adquirir e renovar elementos necesarios para a explotación da instalación, que posteriormente vaian ser imputables os Gastos derivados da explotación na Memoria Económica.
- B) Deberá solicitar autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión interesada do servizo de piscina municipal e outras actividades deportivas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados con indicación expresa de que, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados ambos os dous prazos dende o día seguinte a súa notificación.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sómese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: a proposta xa coñecen consiste en aprobar os 80000 euros conforme a cláusula 16 do PCAP e denegación dos 64010,76 euros que solicita como compensación extraordinaria.

Sr Domínguez Louro: reiterar un ano mais que é sorprendente as contas que presenta a empresa, esta vez batendo record de perdas, entre outras, e que sabemos todos das dificultades deste sistema e incluso no informe de intervención o recolle que é moi complicado seguir un exhaustivo seguimento de todo o que pasa na piscina sen embargo outra como entrada de usuarios/as sen ticar na entrada e non o digo eu que non son usuario pero si mo teñen comentado varias persoas que entran alí co cal deberíamos facer o posible para remediar e corrixir esas eivas que sigue habendo, as que é imposible controlar é imposible pero as que non, tentar que funcionen e non veña outro ano con perdas reclamando mais diñeiro etc etc porque 80000 euros xa me parece unha cantidade importante para que ano tras ano reclama mais.

Sra alcaldesa: no pleno de data 2020 cando presentaron a 1ª liquidación acordabase que tiñan que declarar con carácter mensual o técnico de deportes e facerlle entrega dos xustificantes xustificativos dos pagos que se fan en efectivo na piscina municipal, consta no expediente un informe emitido polo técnico de deportes conforme se cumpre de feito detallado e forma rigorosa as entregas dos xustificantes cuns talonarios e unha relación de todos os pagos que se veñen realizando, esa petición que acordabamos nese pleno está cumprindo e por parte do técnico de deportes está facendo o seu traballo de xeito mensual. Por outra banda, facer unha reflexión respecto a xestión que sempre é criticada polo Bng polo que saíu onte e hoxe na prensa, por exemplo a piscina municipal das Pontes, bastante similar a de Cee que por 4 anos son 2.800.000 euros en resumen 700.000 euros o ano, poñendo unha comparativa, onde o risco do Concello é so 80000 non está nada mal.

Sr. Domínguez Louro: dous apuntes o que acaba de dicir nin o BNG nin eu vai por ou puxo en dúbida que o técnico de deportes faga o seu traballo, sei da súa valía e capacidade, non é iso, tampouco poño en dúbida que a empresa presente iso que Vde di, pode facelo pero o que está claro e non o digo eu, é que os usuarios/as seguen entrando sen recibir eses tiquets ou sen contabilizar e iso é realidade, e seguramente persoas que escoiten o corroboren, en canto o segundo punto que Vde di bueno, as Pontes a poboación das Pontes é como Vde sabe é bastante mais importante que a que ten

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Cee e en calquera caso si pagan moito ou non é un problema das Pontes que non lle vamos solucionar, nos temos que mirar polo noso e poñer enriba da mesa o que pasa e os problemas que hai non é unha crítica que xa se fixo no seu día e volverase facer si é necesario, isto é unha constatación da realidade e neste Pleno vimos, contámolo e Vde que é quen goberna terá que ver si se pode remediar iso ou non.

Sra. Alcaldesa: as Pontes o nº de habitantes é 10000, Cee case 8000 e a piscina ten un ámbito comarcal presta servizos a nivel comarcal, respecto as entradas que di que non se dan nin os xustificantes, pido a esas persoas que si non se están dando que o poñan en coñecemento do Concello dado que teñen un talonario selado do Concello e cando se entra ten que coller a entrada con ese selo que consta do propio concello si iso é verdade o que di, fago a petición que no lo fagan constar.

Sr Domínguez García: nos si non dicimos nada é por non reiterarnos no mesmo, respecto as entradas, hai que exixir que as pidan, falo pola nosa concelleira que vai moitas veces, ten que exixir non hai control ningún, a das Pontes non sei como funciona pero a de Cee funcionou moitos anos sen que costara un duro o concello e sigo pensando que se autofinancia, si non dixemos nada é por non reiterar o que levamos dicindo anos, eu non vou a piscina pero xa lle digo a concelleira que non entre sen entrada.

Sra alcaldesa: por iso fago publicamente esta petición como agora os plenos son retransmitidos a xente que solicite esa entrada e si non lla queren dar que no lo fagan constar o Concello, porque hai un acordo plenario adoptado no seu día con uns talonarios e que constan na piscina.

Sr Domínguez García: eso o que significa é o fracaso do sistema que sempre dixemos que era malo.

Sra Iglesias: no entiendo si no pagas no puedes pasar porque no se abre, pago mensualmente pero si pagase por una clase no te abre porque tienes que pasar la tarjeta a nos ser que abran sin pagar, que ya sería otra cosa.

Sra Díaz: no es eso, el tema es que puedes pagar y que no te den el tiquet y ese dinero no se contabiliza, tienes que pedir el tiquet y lo tuve que pedir sino no me lo daban.

Sra Iglesias: a vale.

Sra alcaldesa: que pidan el tiquet.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación da Proposta da Mesa de Contratación do expediente Nº 2021/C004/000006: Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 25 de abril de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación da Proposta da Mesa de Contratación do expediente Nº 2021/C004/000006: Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.

Considerando a seguinte:



PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN MC01FEB2022.

Expte 2021/C004/000006: Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a Proposta da Mesa de Contratación, que literalmente se transcribe:

“A Mesa de Contratación reuniuse na sesión con clave MC01FEB2022_PL, os días 1 e 8 de febreiro de 2022 e 13 de abril de 2022, para examinar e cualificar as ofertas presentadas polos licitadores, realizar a súa valoración e efectuar a proposta de adxudicación do contrato do **Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expediente nº 2021/C004/000006.**

De acordo coa valoración das ofertas dos contratistas, conforme os criterios de valoración establecidos na cláusula 19 do PCAP da licitación, e conforme a orde de clasificación dos mesmos, que a continuación se indica:

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES:

Orde: 1 NIF: B27154731 SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U. (Proposto para a adxudicación)

Total criterios CJV: 67

Total criterios CAF: 27.22

Total puntuación: 94.22

Orde: 2 NIF: A79524054 URBASER, S.A.

Total criterios CJV: 56.15

Total criterios CAF: 26.04

Total puntuación: 82.19

Orde: 3 NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Total criterios CJV: 48.5

Total criterios CAF: 30

Total puntuación: 78.5

Orde: 4 NIF: B80399660 ACCIONA SERVICIOS URBANOS SRL

Total criterios CJV: 51.9

Total criterios CAF: 24.09

Total puntuación: 75.99

Orde: 5 NIF: B15832405 SIAVI, SL

Total criterios CJV: 52

Total criterios CAF: 23.47

Total puntuación: 75.47

NIF: B15467962 COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.

OFERTA REXEITADA. Motivo: non obter unha puntuación igual ou superior a 40 puntos na valoración final do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda elevar ao órgano de contratación (Pleno do Concello) a seguinte PROPOSTA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



1º. EXCLUÍR da contratación do *Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expte. 2021/C004/000006*, ao licitador COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L., con CIF B15467962, ao rexeitarse a súa oferta por non obter unha puntuación igual ou superior a 40 puntos na valoración final do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor, de acordo co establecido na cláusula 19 do PCAP que rexe na contratación.

2º. ADXUDICAR o contrato do *Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expte. 2021/C004/000006*, e acordar o requirimento da documentación aos licitadores, pola orde de clasificación que a continuación se indica:

Orde: 1 NIF: B27154731. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U

Prezo anual de adjudicación: 333.089,67 € + 33.308,97 € iva = 366.398,64 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 66.617,93 € (5% importe adjudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe equivalente ao 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, de acordo coa orde de clasificación das ofertas dos licitadores.

Orde: 2 NIF: A79524054. URBASER, S.A.

Prezo anual de adjudicación: 342.382,36 €+ 34.238,24 € iva = 376.620,60 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 68.476,47 € (5% importe adjudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe equivalente ao 3% da presuposto base de



licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, de acordo coa orde de clasificación das ofertas dos licitadores.

Orde: 3 NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Prezo anual de adxudicación: 319.056,96 € + 31.905,70 € iva = 350.962,66 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 63.811,39 € (5% importe adxudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe equivalente ao 3% da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación aos licitadores seguintes, correlativamente de acordo coa orde de clasificación das ofertas.

A presidenta da mesa de contratación O secretario da mesa de contratación

Margarita Lamela Louzán

Jesús Roget Salgado

[documento asinado electronicamente]."

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO (ÓRGANO DE CONTRATACIÓN)** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta da Mesa de Contratación reflectida, na súa integridade.

SEGUNDO.-EXCLUÍR da contratación do Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expte. 2021/C004/000006, ao licitador COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L., con CIF B15467962, ao rexeitarse a súa oferta por non obter unha puntuación igual ou superior a 40 puntos na valoración final do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor, de acordo co establecido na cláusula 19 do PCAP que rexe na contratación.

TERCEIRO.- Requerir a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U, para que **presente**, por medios electrónicos na sede electrónica municipal, **dentro do prazo de dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba este requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 66.617,93 € (5% importe adxudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).



CUARTO.- Advertir que de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe equivalente ao 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, de acordo coa orde de clasificación das ofertas dos licitadores.

QUINTO.- Notificar o presente acordo, coa indicación expresa de que contra a EXCLUSIÓN, o acordo, pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Contra o requirimento, trátase dun acto de trámite contra o cal non cabe interpor recurso algún, sen prexuízo das alegacións que estime oportunas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta é aprobar o acordado pola Mesa de Contratación sendo o primeiro na orde de clasificación Servicios dos Concello Galegos SLU e requirir a dita empresa para que aporte a documental esixida no prego no prazo de dez días.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

4. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do REC 3/2022. Expediente Nº: 2022/T003/000362.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de abril de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do REC 3/2022. Expediente Nº: 2022/T003/000362.



Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2022 DE FACTURAS EJERCICIO 2021.

EXPEDIENTE Nº 2022/T003/000362.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2022/T003/000362 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 3/2022 de facturas do exercicio anterior que ascende a un importe de e 5.103,83 €.

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados (habilitando o crédito necesario para ditos gastos) ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 13 de abril de 2022 foi levantado o reparo formulado en canta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas e habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito e en consecuencia habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

SEGUNDO.- Aprobar o REC 3/2022 polo importe de 5.103,83 €

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta consta levantamento de reparo por alcaldía e por un importe de 5103,83 euros de facturas presentadas no ano 2022 correspondendo o exercicio anterior.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



5. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. Expediente Nº 2022/T002/000012.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de abril de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“4. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. Expediente Nº 2022/T002/000012.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000012

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a tramitación que consta no expediente de referencia, así como o informe favorable emitido pola Intervención Municipal.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2022, no seguinte sentido:

• **NOMINATIVAS 2022**

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.780	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G7011729)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	20.000€	Convenio	Prepagable

• **EN CONCURRENCIA 2022**

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emergencias sociais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	370	Premios de campaña de lectura etc cultura

SEGUNDO. O beneficiario debe estar o corrente das obrigas tributarias (Concello, Comunidade Autónoma e Estado) e da Seguridade Social o que debe acreditar con carácter previo ó pago.

A proposta que se somete a aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente pola realización da transferencia de crédito para tal finalidade.

TERCEIRO.- Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro edictal do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE, IXCee e Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa: coñecen a proposta, é a modificación do anexo subvencións concretamente a cantidade a favor da entidade solidaria galega pobo saharai pasando de 1500 a 1780 euros, un incremento de 220 euros que permitirá que veñan dous nenos/as Saharais este ano a Cee

Sr Domínguez Louro: nos plenos de 2021 de maio e xullo o Bng solicitou que se estudase a posibilidade de dar axudas a deportistas individuais, Xiana Lago, Pati Nuñez e Elian Numa e dixo que convocaría as comisións correspondentes. No ano 2021 e 2022 o Bng fixo unha proposta dos orzamentos que Vde nunca contestou, un dos puntos recollía a creación de becas e axudas para escolares e recuperar axudas para entidades veciñais e culturais, nunca contestou, este ano prorrogou os orzamentos do ano 2020.....e Vde aprobou no pleno en xaneiro un anexo de subvencións que foi retocado o mes pasado para incrementar con esa subvención da que falamos para o ano xubilar para asociación que organiza e agora volve a traernos outra vez retocando para isto, adiantar que o BNG vai votar a favor deste punto porque nos parece de xustiza, non temos problema mais a conclusión nosa é que o anexo de subvencións para non ter que andar mes a mes retocando cando Vde lle parece debería vir a unha comisión e todos os grupos puidesen aportar e ver que e quen e que persoas individuais sexan susceptibles de recibir axudas do Concello porque senón nos estamos aquí para levantar a man o que Vde trae, creo que merece telo falado e chegar a un acordo que como dixen noutras ocasións pasa no POS cando se quer se fai, polo tanto o noso invite é que faga esa comisión e todos podamos participar e non tocar o anexo de subvencións unha vez e outra

Sra alcaldesa: cando trouxen en xaneiro o anexo de subvencións evidentemente hai unha comisión por parte do Bng non houbo unha proposta nesa comisión e no pleno tampouco se dixo nada, entón antes de traer o anexo de subvencións, hai unha comisión e non recordo, podemos mirar a acta, pero creo que o Bng non fixo ningunha proposta o respecto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Domínguez Louro: evidentemente claro que

Sra alcaldesa: ese era o momento

Sr Domínguez Louro: non porque sería o momento si Vde trouxese un punto da orde do día a comisión na que se estudase que entidades ou persoas poden entrar, o punto da orde do día era o que imos tratar agora e votar e ante eso non temos nada que dicir o que lle digo e que o que fai Vde noutras ocasións como no POS hai unha comisión na que se estuda que obras van ou non e todos temos a oportunidade de aportar e chegar a un acordo, e lle propoñemos que se faga iso, porque si na última comisión propoñemos que se dea unha subvención a un club X ou a eses tres deportistas que nos representan en todo estado español e a veces no extranxeiro non tería sentido porque non se ía facer, isto xa está así non hai problema o que lle pedimos si o ten a ben e que faga isto para que todos os deportistas e clubs podan ser tratados en condicións similares si o quer facer senón non critique que nos facemos ou non aportacións porque o punto do orde do día era para outra cousa e nos respectamos.

Sra alcaldesa: mire Sr Domínguez Louro, pode contestar o que considere convinte pero creo que non entendeu a miña resposta ou derivar o punto que Vde quer levalo, no mes de xaneiro cando trouxen a proposta enteira das subvencións podían facer as propostas convintes na comisión, é mais poden facer unha proposta alternativa, deixar o asunto sobre a mesa o que consideren convinte e non o fixeron, é mais non soamente hai que dar para os deportistas, para estas asociacións ou para o que consideren convinte senón tamén hai que mirar de onde sacan eses cartos, para facer fronte as pretensións que pretende un cando expón o que queira, entón o que lle estou dicindo é que na comisión de xaneiro cando trouxen o anexo completo de subvencións poderían facer Vde as propostas que consideran convinte nada mais.

Sr Domínguez Louro: repito exactamente igual o que dixen antes, esa proposta estaba cerrada e había que votala convídoa a que o faga doutra maneira

Sra alcaldesa: da igual Sr Domínguez Louro, o que non quer entender.

Sr Domínguez Louro: Vde é a que non me quer entenderme a min

Sra alcaldesa: o que quer Vde é desviar o que lle estou plantexando, houbo unha comisión no mes de xaneiro onde Vde puido facer o que considerou convinte e non fixo nada.

Sr Domínguez Louro: na comisión

Sra alcaldesa: non fixo nada e agora xa está, ademais cando un presenta un escrito o concello ou a alcaldía dicindo que hai que facer, entregar ou dar a profesionais tamén poña de que partida sacamos os cartos porque iso de gastar sen saber de onde proceden é facilísimo por ter ideas temos todos.

iso chamase dialogo e vontade de dialogar e chegar a un acordo, si Vde o quer, é mais, previo a esa comisión xa Vde tiña no seu poder o escrito noso, primeiro cando presentamos a posibilidade de darlle esas axudas a deportistas individuais e segundo a proposta de negociación dos presupostos nunca foi contestada co cal a Vde súa non era escoitarnos era, traio un anexo de subvencións e Vdes digan si ou non a el, nada mais, non estou desviando, desculpe, para nada a atención e Vde quen a desvía do que eu lle digo, si quer estamos a tempo de facelo e se ve ademais porque vamos a tratar en nada tres puntos de SC onde se viu que Vde sabe onde sacar o diñeiro polo tanto sentémonos si o quer facer e senón non pasa nada, pode facer o que queire pero tamén teremos dereito a dicir o que pensamos, o Bng considera que quen desvía a atención é vostede.

Sra alcaldesa: Vde ten dereito a dicir o que queire e eu a responder o que considere.

Sr Domínguez Louro: Correcto e eu estou escoitando e respondo.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

6. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 2/2022. Expediente Nº 2022/T002/000013.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de abril de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“5. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 2/2022. Expediente Nº 2022/T002/000013.”

Considerando a seguinte Proposta rectificada na comisión:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 2/2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000013

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2021, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 2/2022, e en consecuencia, destinar 65.000 € do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
151/637.00	40.000	Proxectos
920/227.06	25.000	Estudios e traballos técnicos
TOTAL	65.000€	

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: como xa coñecen a proposta xa informei na comisión correspondente, é un SC para direccións de obra e para redacción de proxectos, a necesidade desta modificación é para dotar as

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



diferentes liñas de subvencións de fondos europeos, temos oportunidade de optar e para elo é necesario facer as memorias e os proxectos, por exemplo, a reforma do equipamento sociais dos edificios municipais sociais como o Centro social, as melloras nos subministros da piscina municipal para colocación placas solares, na Casa Cultura de Cee, na depuradora de Estorde e Lires, en Turismo tamén saen como a reforma no paseo da ría de Lires o proxecto de humanización e mobilidade na Avenida Finisterre e despois con relación os proxectos tamén ter en conta como expliquei na comisión que o plan complementario concedido a Cee é de 370335,75 euros polo tanto se incrementa en 111670.23 euros polo tanto é necesario a redacción dos proxectos cando adoptemos o acordo con respecto a que obras vamos a realizar.

Sr Domínguez Louro: no o que ía dicir neste punto xa o acabamos de falar porque se corresponde perfectamente o que acabamos de dicir.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

7. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 3/2022. Expediente Nº 2022/T002/000014.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de abril de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“6.Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 3/2022. Expediente Nº 2022/T002/000014.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 3/2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000014

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2021, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 3/2022, e en consecuencia, destinar **117.000 €** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
231/227.06	52.000	Traballos realizados por outras empresas (SAF)
162.1/227.00	65.000	Recollida selectiva de residuos
TOTAL	117.000€	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: esta modificación é con relación a axuda no fogar e recollida de RSU, o SAF son 520000 euros, derivados dun incremento das horas do servizo e do custe do contrato de 457096 euros pasamos a 521000,8 euros, as horas de dependencia de 24360 a 27600 horas, respecto a recollida RSU e limpeza viaria aumentou o custe de adxudicación de 333156 a 3666398 euros, e por outro lado tamén os custes derivados das baixas laborais, vacacións e asuntos propios do persoal de limpeza viaria do Concello, como comprobaron no REC aprobose as facturas do exercicio anterior de gastos para substitución dunha baixa laboral que supón 2500 euros a maiores todos os meses.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

8.Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 4/2022. Expediente Nº 2022/T002/000015.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de abril de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“7.Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial do SC 4/2022. Expediente Nº 2022/T002/000015.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 4/2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000015



Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2021, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 4/2022, e en consecuencia, destinar **45.885,53 €** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
153.2/619.00	35.462,83	Vías públicas, inversión.
161/619.00	10.422,70	Abastecemento, inversión.
TOTAL	45.885,53€	

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é derivado pola necesidade de dous modificados de proxecto, un con relación a Depuradora de Ameixenda, na execución da obra xurdiron imprevistos e hai que acometer o modificado do proxecto, logo respecto a obra Renovación da Pavimentación na Rúa Magdalena, por esixencia de patrimonio que esixe o soterramento do cableado e Fenosa tamén nos esixen unha serie de obras de aí a necesidade do modificado para poder acometer a obra.

VOTACIÓN

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

9. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 276/2022 á Nº 380/2022 .

Quedan enterados/as.

10. Dar conta do envío o MFAP (Expediente Nº 2022/X999/000115):

- PMP 1º Trimestre 2022.

Quedan enterados/as.

- Morosidade 1º Trimestres 2022.

Quedan enterados/as.

- Execución Trimestral 1º Trimestre 2022.

Quedan enterados/as.

- Control financeiro 2021.

Quedan enterados/as.

11. Mocións de urxencia.

Sr Domínguez Louro: o Bng ten unha moción que mandei pola mañá os portavoces a xustificación da urxencia é porque non se pode facer doutra maneira.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

O Sr Domínguez Louro procede a lectura da Moción:

Moción de apoio ao Pobo Saharaí

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí. Consideramos a postura do goberno español como unha traizón, xa que se prega aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións



internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación. A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio do Sáhara. Ademais, demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos do Sáhara e Marrocos.

Supón tamén a asunción de parte, e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos o cese inmediato da sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental."

Sr Dominguez García: vamos votar a favor estamos completamente a favor, de feito as vacacións en paz empezouse sendo eu alcalde e estamos complemente de acordo co pobo Saharai e cos abusos que están recibindo e vamos votar a favor.

Sr Vigo: non entendemos como de xeito unilateral o goberno de Pedro Sánchez sen apoio nin dos seus socios de goberno...intelixible.

Sra Trillo: nos como goberno e como entidade municipal apoiamos o pobo saharai e de feito acabamos de traer a modificación do anexo de subvencións para pagarlle dous billetes de avión a dous menos, nada mais.

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 abstencións dos grupos políticos PSOE e Mixto e 8 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



12. Rogos e preguntas.

INCIDENCIA

A Sra Iglesias Lema, sendo as 20:35 horas abandona á sesión.

Sr Vigo: teño unha pregunta, respecto a unha intervención que fixo a Sra Iglesias Lema no pleno anterior respecto a si Vde mantivo ou non unha reunión cos hostaleiros polo tema das terrazas eintelixible..... si van ter bonificación ee en relación o espazo a ocupar que logo iría un técnico do Concello a comprobar e si houbera que modificar algo xa se lle devolvería o Concello, unha medida parecida a do goberno de España coa gasolina adiante os cartos e despois devolvemos, o lóxico sería que o técnico medira previamente e logo se liquidara. En relación os palcos do ano xubilardíxose que se constituíra en asociación non sei cal é o motivo.

Sra alcaldesa: con relación o tema das terrazas, como se viña facendo sempre e así se me indicou por parte dos funcionarios, de tesourería que tiña quen facer a solicitude, se liquida e logo se procede a medición correspondente, o normal é que os metros que sinalen coincidan cos que están ocupando, non haxa que devolver, en todo caso, si ocupan menos haberá que devolver os cartos eso foi o que se falou, nesa reunión en concreto preguntáronme polo tema das festas e polo tema das terrazas e creo que me chamaron por telefono e preguntaron, non recordo nesa reunión, hai varios que fixeron solicitudes por parte da policía local vai comprobar que coinciden os metros cos solicitados e nada mais,

Sr Vigo: o que non parece normal é que o Concello cobre antes e non despois.

Sra alcaldesa: sempre se fixo así, dese xeito, a min cadroume que durante 2 anos tiveron suspendidos o tema da terraza, solo me cadrou o primeiro ano cando cheguei, cobráronse no mes de agosto, xa fixeran antes as solicitudes, se cobraron logo me tocaron dous anos de suspensión e agora é o primeiro ano onde de novo volvese a cobrar e a tramitación dixeron que era así como todos os anos, non sei si cando estaba Vde era diferente.

Sr Vigo: nos anos da covid houbo ampliación de terrazas, estaban habilitados espazos exteriores que era mais fácil traballar que no interior, e xeraba menos risco, estar na rúa. libre que nun espazo pechado, esa situación evidentemente agora vai ser diferente, entón tamén teñen que saber o que poden ou non ocupar, isto ten que trasladarillo o Concello non inventalo eles.

Sra alcaldesa: as solicitudes están feitas polo espazo que están ocupando, o tema da ordenanza non se trouxo por unha razón, cambiamos de técnicos, estaba feita, agora marchou o técnico que a levaba, sacamos de novo a praza do arquitecto técnico, houbo unhas modificacións a finais do ano pasado que hai que adaptalas , modificar o borrador da ordenanza mentras non estea aprobada ordenanza non se vai poñer problema no tema do espazo público, despois terán que adaptarse a ordenanza que aprobemos.

Sr Vigo: respecto os palcos

Sra alcaldesa: o tema dos palcos, o mellor non me entenderon ben o que lle dixen é eles me comentaban que querían facer algún tipo de actuacións, poñerse de acordo, entón o que lle explicaba era que íamos traer a ordenanza que aprobase que había a bonificación correspondente e si estaban constituídos nunha asociación se podía aplicar dita bonificación, o feito que utilicen os palcos do ano xubilar creo que é o que me está prantexando porque a veces non se escoita moi ben, si a asociación Amigos da Xunqueira solicita o espazo para colocar o palco e é utilizado por parte dos hostaleiros non hai ningún tipo de problema con relación a iso porque xa hai unha solicitude feita pola asociación Amigos da Xunqueira.

Sr Vigo: realmente a impresión non consideraban que puideran facer iso si eles non se constituían como asociación o marxe da asociación Amigos da Xunqueira.



Exp. 2022/G010/000005

Sra alcaldesa: díxenlle que si o facían de xeito particular sen ser asociación, porque esa bonificación é para asociacións sen ánimo de lucro, a xeito particular tiñan que pagar, si fan unha asociación teñen esa bonificación, si fai a solicitude a asociación Amigos da Xunqueira pois fai a asociación Amigos da Xunqueira que é unha entidade sen ánimo de lucro, iso foi o que lle expliquei, o mellor non entenderon ben, non sei, llo volvo a explicar e non hai ningún tipo de problema.

Sr Vigo: díxenlle que volvan a falar con Vde para que aclaren o problema o que está claro é que a hostalería necesita un impulso público é o que lle podemos dar é ese, axudalos nas iniciativas que teñen para os seus negocios, non so a título individual senón para un impulso económico do Concello.

Sra alcaldesa: totalmente de acordo o único que tratei de explicar nesa reunión foi as diferentes opcións para axudalos e facelo o mellor posible, volvei a reunirme con eles si non entenderon o que expliquei nada mais.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán